

Curso de Preparación para a Docencia en Inglés

Curso semipresencial intensivo de 50 horas de duración (40 presenciais e 10 de traballo fóra da aula), máis unha proba de nivel (2 horas).

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra

Obxectivos

A finalidade deste curso é formar ao persoal docente e investigador en aspectos fundamentalmente prácticos da lingua inglesa que lle sirvan para mellorar a súa competencia comunicativa no ámbito laboral e/ou académico ata acadar o nivel B2, segundo o Marco Común Europeo de Referencia (MCER) para a aprendizaxe das linguas. A este obxectivo súmase a práctica de competencias transversais relacionadas co desenvolvemento das súas actividades profesionais habituais na lingua meta.

Abórdanse aspectos prácticos relacionados coa actividade docente e a atención ao alumnado, entre outros, a elaboración de guías docentes, xestión da aula, instrucións ao alumnado, presentacións orais, dirección de traballos ou redacción de informes.

Como acceder

Certificado de nivel B1 ou a través da realización dunha proba de nivel

Outros datos de interese

Para máis información contacte con centrodelinguas@fundacionuvigo.es